



**Xosé Ramón Freixeiro Mato: *Lingua, Nación e Identidade*,
Edicións Laiovento, Santiago de Compostela, 2006, 271 páxinas.**

O profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato acaba de publicar o seu último libro (*Lingua, Nación e Identidade*, Edicións Laiovento, Colección Ensaio), traballo que vén completar e complementar unha súa anterior obra, *Lingua Galega: Normalidade e Conflito*. A presente miscelánea componse, por unha parte, de materiais xa publicados con anterioridade, como relatorios de congresos e artigos para diversas revistas, e, por outra parte, de materiais especificamente redixidos para a ocasión. A colectánea que nos ofrece Freixeiro Mato está conformada por seis capítulos de temática variada: a orixe do galego como romance diferenciado, a delicada situación da lingua ao encontrarse entre dous idiomas que contan co respaldo dun estado propio (o español e o portugués), a singular posición do galego no marco da Unión Europea, as recentes reformas normativas e, por último, a evolución do idioma na escrita a través de nove dos seus máis relevantes autores.

Para principiarmos coa recensión en si propia, debemos aludir aos conceptos tratados na obra e á definición que propoñen para estes algúns dos dicionarios galegos. De collermos por exemplo o *Dicionario da Real Academia Galega* (DRAG), veremos que o termo ‘lingua’ aparece definido como: “3. Código verbal natural usado polos membros dunha sociedade concreta, que está constituído por un variado repertorio de elementos e regras” (p. 713). Este vocábulo vaise converter nun dos principais signos identitarios de Galiza como nación, unha síntese da súa personalidade histórica, ou, como o propio autor o define no “Limiar” (p. 7-9), “principal sinal de identificación colectiva”. Canto á palabra ‘nación’, defínese como “Comunidade humana, instalada nun territorio definido, que pode estar ou non politicamente organizada como estado, e que se caracteriza por ter unhas tradicións históricas e culturais comúns, os mesmos intereses económicos, e unha unidade lingüística ou relixiosa” (p. 806). De aquí pode extraerse esa conciencia de compromiso político para co país en tanto que nación singularizada. Por último, o DRAG dinos o seguinte acerca da palabra ‘identidade’: “2. Conxunto de características ou elementos que definen unha persoa ou cousa fronte ás demais, o que fai que sexa recoñecida como tal” (p. 626). Aínda que nesta terceira definición poida botarse en falta unha referencia explícita aos grupos sociais e ás comunidades humanas (en

tanto que entidades “individualizadas” ou “identificadas”, en definitiva), o certo é que os trazos nela apuntados poden moi ben aplicarse ao caso galego. Xa que logo, podemos comprobar que os tres vocábulos se complementan facilmente entre si: a lingua (idioma) constitúe unha das características conformadoras do concepto de nación e, asemade, parece evidente que sen lingua propia non existe nación como tal, e que sen estas dúas resulta imposíbel posuír unha identidade propia e diferenciada. A partir destes conceptos base, inherentes a todo o pobo con conciencia de seu, o autor vai analizando o percurso da nosa lingua ao longo dos tempos até chegar ao momento presente.

Baixo a epígrafe “De Galego(-Portugués) a Galego ou Portugués” (p. 11-22) agóchase a xénese do sistema lingüístico galego-portugués. So a óptica do galego como base primitiva do portugués, denúnciase a manipulación interesada da nosa historia medieval por parte dos historiadores oficiais, así como a pretensión de estudar a nosa situación lingüística inicial sen coñecer as circunstancias externas que a condicionaron. En definitiva, preténdese pór de relevo o longo e profundo proceso de colonización española, así como a imprescindíbel necesidade de coñecermos a historia propia para avanzarmos máis un chanzo na conformación da nosa identidade.

Canto á denominación do sistema lingüístico, o autor pon de manifesto que o nome máis apropiado debe ser ‘galego’, xa que foi en Galiza (Gallaecia) onde se xerou a lingua en cuestión, deslocándose posteriormente cara ao sur en virtude de certos factores socio-políticos. De feito, as etiquetas ‘portugués’ e ‘galego-portugués’ son serodias: a primeira comezou a aplicarse tras a ruptura territorial da antiga Gallaecia e a creación do reino independente de Portugal, ao paso que a segunda emerxe no s. XIX. En consonancia co que vimos de dicir, non debe estrañarnos que na *Historia Compostellana* o romance común a galegos e portugueses sexa chamado nunha ocasión *gallaeco vocabulo*, aínda sendo predominante a máis xenérica denominación *romanço*, á par de *linguagem* e *a nossa linguagem*, tamén empregadas nesa obra. Esta situación, porén, nunca foi ben asumida pola xeneralidade dos autores portugueses, salvando excepcións como Carolina Michäelis de Vasconcellos, quen chegou a afirmar que “Portugal xorde no interior da Gallaecia”, un aserto realmente coherente cos datos históricos expostos neste capítulo.

A segunda epígrafe, “O galego e o portugués ou O galego vs. portugués” (p. 31-64), versa, en palabras do autor, sobre “a negación ou minusvaloración do galego” por parte dos estudos portugueses. Esta negación plásmase claramente no constante e intencionado esquecemento do galego nas gramáticas quiñentistas portuguesas, así como tamén nas gramáticas modernas e nos distintos estudos dialectolóxicos, sempre con contadas excepcións en que, a pesar de o incluíren como obxecto de estudo, non lle recoñecen o seu carácter de xerador do sistema. Máis en concreto, nos estudos dialectolóxicos chega a considerarse a lingua do norte como arcaica e

rural, ao non seguir estritamente o modelo padrón do portugués moderno (de clara orientación lisboeta), e non se recoñece polo xeral o *continuum* lingüístico existente desde o Navia ao Algarve. Esta situación comezou a mudar a partir da clasificación proposta por Lindley Cintra (1970), en que xa se incluíron os dialectos galegos. Aínda así, tampouco podemos perder de vista que os primeiros gramáticos galegos non prestaron excesiva atención á variedade veciña, xa que o modelo que tomaron como referencia foi o español.

Para ofrecer unha visión máis pormenorizada desta situación, o autor achégase neste punto á traxectoria de tres das figuras máis importantes do nacionalismo galego: Murguía, Castelao e Carvalho Calero. Todos eles eran partidarios da identificación do galego co portugués, mais, se exceptuarmos Carvaho Calero (que se acolleu aos postulados ortográficos reintegracionistas no derradeiro treito da súa vida), ningún deles avogaba pola adopción do estándar portugués como norma culta do galego.

O terceiro apartado (p. 65-88) da obra narra os diversos avatares históricos que propiciaron a actual situación sociolingüística do galego. Entre eles hai que salientar a substitución da nobreza galega por outra de orixe foránea, a ausencia dunha burguesía mercantil propia como consecuencia das guerras irmandiñas e o trasvase do *scriptorium* á corte castelá, que vai paralelo ao inicio do declive das peregrinacións xacobeas. A pesar diso, aínda nos séculos XIV-XV se mantiña o monolingüismo en galego, e só unha política de “imposición de feitos”, derivada da perda dunha monarquía propia e da dependencia cada vez máis acusada de Castela, conseguirá que se vaia perdendo progresivamente o uso escrito do idioma. A orde de que todos os escribáns pasasen a ser examinados polo Real Consejo de Toledo en data de 1480 (e, por tanto, en lingua castelá) constitúe un fito moi relevante que nos axuda a comprendermos mellor o tipo de política que comeza a aplicarse nesta época.

De todos os xeitos, esta “imposición de feitos” foi só unha primeira parte do proceso de colonialización castelá, pois unha segunda fase levouse a cabo xa no s. XVIII coa imposición normativa do principio de unidade lingüística subxacente no Decreto de Nueva Planta (1707). Todas estas accións desembocaron no autodesprezo que os galegos senten pola súa identidade, prexuízos que aínda hoxe non están totalmente superados, aínda contando teoricamente cunha situación favorábel (aprobación do Estatuto de Autonomía en 1980, creación da Lei de Normalización Lingüística en 1983, etc.).

No cuarto capítulo, “O galego e as linguas europeas” (p. 89-118), o autor insiste na idea de que a comunidade lingüística galego-portuguesa está presente na Península Ibérica, América, África e Asia. Esta é a consecuencia lóxica da extensión cara ao sur que experimentaron as linguas peninsulares por mor da *Reconquista*, o que ase-

made implica que o portugués é unha variedade do galego, do mesmo xeito que o mallorquín o é do catalán e o andaluz do castelán. Posteriormente, o portugués e o castelán tiveron unha segunda vía de expansión, asentando nos novos territorios de ultramar que ían sendo colonizados.

Partindo desta base, o galego non encaixa na etiqueta de “lingua minorizada”, pois, para alén de ser a lingua máis usada no seu espazo (Galiza), a súa incardinación no sistema lingüístico galego-portugués (un dos máis estendidos do mundo e dono dunha ricaz tradición cultural e literaria) confírelle unha ampla presenza a nivel mundial. En definitiva, o único motivo da situación de anormalidade que sofre o galego no seu propio territorio foron os acontecementos históricos adversos en que se viu implicado e que o privaron dun estado propio, dato este verdadeiramente decisivo no contexto europeo para o recoñecemento pleno dun idioma. Denúnciase, por outro lado, o incumprimento dos compromisos asinados na Carta Europea das Linguas Minorizadas que o goberno central asinara e que por tanto contraera compromisariamente nese momento. Neste apartado alúdese tamén ao caso doutras linguas europeas que, a pesar de sufriren situacións máis complicadas, conseguiron avances moi notábeis e significativos, como o caso do feroés fronte ao dinamarqués (Illas Feroe) ou o sueco fronte ao finés (Finlandia).

O quinto capítulo, “Sobre a norma escrita do galego” (p. 119-154), aborda o complexo tema da construción dun estándar escrito para a lingua galega. Para desenvolver este aspecto, o autor adopta distintas perspectivas que se van desenvolvendo ao longo dos sucesivos subapartados. En primeiro lugar, analiza as diferentes posturas existentes na tradición política e cultural galega (desde Murguía a Carvalho Calero) acerca da norma escrita, para a continuación centrarse en aspectos máis concretos, mais non por iso menos relevantes, como por exemplo o uso dos marcadores discursivos (un campo especialmente españolizado) e as súas posibilidades como ferramenta de depuración do galego. Ora ben, o autor dedica unha atención máis pormenorizada a cuestións vinculadas ás normas oficiais vixentes, tales como a conexión entre fixación normativa e proceso normalizador e a relación entre as normas actuais, o reintegracionismo e a cuestión da corrección lingüística, todo isto baixo a nova perspectiva xerada coa aprobación da reforma normativa acontecida en 2003.

Para rematar, a epígrafe seis (p. 155-242) refire as distintas visións e posicionamentos a respecto do idioma que mantiveron nove dos máis salientábeis escritores dos dous últimos séculos. O percurso comeza en Murguía, entendido como un dos impulsores da recuperación dunha literatura en lingua galega (aspiración esencial dentro do proxecto da construción nacional), e remata con Manuel María, poeta nacional de fondo compromiso coa normalización da lingua galega en todas as súas vertentes, tal e como se pode comprobar ao longo de toda a súa ampla traxectoria literaria. Entre estes dous extremos encóntrase a achega doutros literatos en que se

demora o autor: eis o caso de Galo Salinas e o seu importante papel como pioneiro na construción dun teatro en galego; de Noriega Varela e a súa defensa do galego como herdo da tradición (aínda que el vinculase o progreso coa lingua española); de Dieste como defensor convencido do bilingüismo; de García Barros representando a corrente do galego popularizante; de Sebastián Martínez Risco e a súa visión do bilingüismo como estratexia e argumento para dar presenza pública ao galego nun momento delicado para o idioma; de Crecente Vega e o seu gosto polo galego popular depurado; e de Castelao, home comprometido co galego e unha das figuras máis importantes para a evolución do sistema literario galego e para a creación dun modelo de lingua culta.

En definitiva, estamos ante seis artigos ao longo dos cales Freixeiro Mato analiza algunhas das contradicións e tensións que mellor definen a evolución do noso sistema lingüístico e cultural. Cuestións como a norma escrita, a configuración do bloque lingüístico galego-portugués ou as raíces históricas da nosa anómala situación sociolingüística son obxecto ao longo destas páxinas dunha profunda revisión que fai da obra unha lectura certamente proveitosa.

Rocío Dorado Fernández
Universidade da Coruña

Referencias bibliográficas:

- DRAG = García, C. / González González, M. (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Freixeiro Mato, X.R. (1997): *Lingua galega, normalidade e conflito* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Lindley Cintra, L. F. (1983): *Estudos de Dialectologia Portuguesa* (Lisboa: Sá da Costa).